MARÍA JOSÉ VÁZQUEZ SESMONDE
Data e hora: 25/03/2019 14:44

Validación de documentos:
https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código:
47d5f485440cca7e9e4a61bc41890c21ae4bc7e9

Deputación DA CORUÑA

**DON JOSÉ LUIS ALMAU SUPERVÍA, SECRETARIO XERAL DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA**

**CERTIFICA:** Que o Pleno da Deputación Provincial da Coruña na sesión plenaria ordinaria celebrada o un de marzo de dous mil dezanove aprobou o seguinte:

**"28.-APROBACIÓN DA PROPOSTA DA PRESIDENCIA SOBRE O INFORME DE RESOLUCIÓN DE DISCREPANCIAS AO QUE SE REFIRE O ARTIGO 218.1 DO TEXTO REFUNDIDO DA LEI REGULADORA DAS FACENDAS LOCAIS.**

**PRIMEIRO.** Toma de coñecemento do expediente que contén a relación dos informes de reparo emitidos polo órgano interventor nos que concorren as circunstancias expresadas nos artigos 215 a 218 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e do informe xustificativo da Presidencia da Corporación.

**SEGUNDO.** Eleva o dito expediente ao Pleno da Corporación, para a súa toma de coñecemento e remisión inmediata de todos os reparos formulados aos órganos de control externo, Tribunal de Contas e Consello de Contas de Galicia."

E para que conste e sen prexuízo dos termos da aprobación da acta, segundo o disposto no artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Corporacións locais, expido a presente de orde e co visto e prace do Sr. Presidente na Coruña, a seis de marzo de dous mil dezanove.

Vº e Pr.

O PRESIDENTE

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA * PRESIDENCIA *

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA * SECRETARÍA XERAL *

Deputación DA CORUÑA

**INTERVENCIÓN**

ASUNTO**:**

**RESUMO DOS INFORMES DE REPARO EMITIDOS POLO ÓRGANO INTERVENTOR CON RESPECTO AOS EXPEDIENTES DE XESTIÓN DE GASTOS TRAMITADOS NO EXERCICIO 2018.**

**DESTINO:**
**PLENO DA CORPORACIÓN.**
**CONSELLO DE CONTAS.**
**TRIBUNAL DE CUENTAS.**

Co fin de dar adecuado cumprimento ao disposto no artigo 218 do Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas locais (segundo redacción dada polo artigo 2 da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración local), elévase ao Pleno da Corporación o seguinte informe, complementario da relación de notas de reparos emitidos pola Intervención no exercicio 2018, no que de forma sucinta e agrupada dáse conta das resolucións e acordos adoptados contrarios ás observacións e reparos efectuados en materia de gastos. **Así mesmo, ponse de manifesto que no exercicio 2018 non houbo ningún reparo en materia de ingresos sometidos a fiscalización (nin no exercicio da fiscalización previa nin tampouco no control financeiro posterior).**

Ao mesmo tempo, ademais da explicación das observacións, defectos e anomalías procedimentais que se apreciaron, na segunda parte do presente informe emítense algunhas recomendacións a ter en conta polas unidades xestoras e polos órganos con potestade de resolver, co fin de que no futuro non se volva a incorrer nestas circunstancias.

Coma anexos do presente informe-resumo achégase a relación completa de reparos emitidos ao longo do exercicio 2018 cos seus correspondentes informes (Anexo I) e informe sobre a acción de fomento provincial no período 2012-2018 (Anexo II)

Deputación DA CORUÑA
INTERVENCIÓN

## I. INTRODUCIÓN: DATOS XERAIS.

Con carácter introdutorio e de forma sintética, cómpre informar que **o importe total do gasto reparado ascende a 17.104.313,08 euros**[1]. Sendo o importe total do gasto comprometido no exercicio 2018 de 241.269.716,34 euros, porcentualmente o gasto que foi cuestionado no exercicio do control de legalidade previo foi do 7 por cento sobre o total disposto na execución de gastos de persoal, gastos en bens correntes e servizos, transferencias correntes e de capital.

Ao longo do exercicio 2018 o órgano interventor ten emitido 103 informes de reparo, correspondentes a outros tantos expedientes de gasto que, segundo o efecto producido, poden ser clasificados tal como figura no seguinte cadro:

| | |
|---|---|
| REPAROS ACEPTADOS POLAS UNIDADES XESTORAS | 3 |
| ACORDOS E RESOLUCIÓNS CONTRARIOS AOS INFORMES DE REPARO | 100 |
| EXPEDIENTES CON INFORME DE REPARO SUSPENSIVO PENDENTES DE RESOLVER | 0 |

Xa desde un punto de vista analítico, a maior parte dos reparos formuláronse con carácter previo á concesión de subvencións nominativas, afectando por tanto á fase de compromiso de gasto e sendo o Pleno da Corporación o órgano competente para a resolución da discrepancia. Os restantes motivos coméntanse no apartado seguinte.

Por outra banda, -tal como xa se advertira no informe-resumo de reparos do exercicio 2017, elevado elevado ao Pleno da Corporación no mes de marzo de 2018- de novo se insiste en que, a data actual, non consta na Intervención que se teña ditado resolución ou acordó resolvendo o reparo emitido o día 14 de setembro de 2017 con respecto á **proposta de liquidación definitiva da produtividade correspondente ao persoal eventual da Deputación no exercicio 2016**. O reparo estaba fundamentado na falla de acreditación no expediente do cumprimento da xornada regulamentaria de traballo por parte do persoal eventual da Corporación, ao non terse achegado polo Servizo de Planificación e xestión de recursos humanos os rexistros do control horario do este persoal, malia a ser requirida dita documentación ata en tres ocasións.

[1] Nos reparos emitidos aos expedientes de modificación de créditos só se computan as dotacións de créditos para o outorgamento de subvencións nominativas.

A ausencia de resolución sobre o referido expediente comporta que durante o exercicio 2016 se teña pagado a este persoal unha entrega a conta da produtividade por importe de 124.878,80 euros, contía que está pendente de ser regularizada, transcorrendo xa con exceso o prazo previsto nas normas aprobadas polo Pleno da Corporación. Ao non terse ditado resolución resolvendo a discrepancia, tamén no exercicio 2017 quedou sen liquidar a produtividade do persoal eventual, malia que dito persoal veu percibindo dito complemento mes a mes, sumando un importe de 58.440,46 euros. A produtividade percibida polo restante persoal sí está xa liquidada e, xa que logo, debidamente xustificada.

Se as dúas cifras indicadas no párrafo anterior se lle suma a produtividade recibida no exercicio 2018 (por importe de 59.658,86 euros para o persoal eventual), -aínda pendente de liquidación para todo o persoal da Corporación- resulta que neste momento o persoal eventual ten cobrado a conta o significativo importe de 242.978,12 euros, contía que de non ser regularizada, -liquidándose a cada persoa e que lle corresponda e procedendo, no seu caso, a devolución do exceso percibido- **dará lugar a un suposto de responsabilidade contable, nos termos que este concepto está definido no artigo 38 da Lei orgánica do Tribunal de Cuentas, posto que unha saída non xustificada de fondos públicos conleva claramente un menoscabo dos mesmos**.

Urxe, xa que logo, que se proceda canto antes a regularizar dita produtividade, tendo en conta especialmente que o persoal eventual perceptor vai a ser cesado ao remate do mandato corporativo que se producirá logo das eleccións previstas para o vindeiro 26 de maio, pola preceptiva aplicación do artigo 104.2 da LBRL. E, unha vez cesado, xa non existirá a posibilidade de reter os importes que estean pendentes de xustificar sobre as futuras nóminas, téndose que incoar expedientes de reintegro perante as eventuais liquidacións negativas, coa preceptiva esixencia de xuros de demora sobre as contías a devolver nese momento.

## PARTE II.- OBSERVACIÓNS E NOTAS DE REPARO.

### 1. A concesión de subvencións nominativas: principal causa de reparo no exercicio 2018.

Como xa se indicou, os expedientes de subvencións nominativas foron obxecto de reparo por parte do órgano interventor, fundamentándose este informe nos seguintes motivos:

- Falla de xustificación nos expedientes tramitados da singularidade da entidade ou excepcionalidade da actividade realizada, vulnerándose os principios constitucionais de igualdade e de asignación eficiente dos fondos públicos, así coma a Lei xeral de subvencións, en canto establece coma procedemento ordinario para o outorgamento de subvencións o de concorrencia competitiva, aténdose a criterios obxectivos de cuantificación da achega provincial.

- Falla de aprobación dun Plan estratéxico de subvencións. A esixencia deste documento previo, aprobado polo órgano competente, vén imposta claramente no artigo 8.1 da Lei xeral de Subvencións e o seu carácter preceptivo está confirmado pola xurisprudencia do Tribunal Supremo, tal como se fai constar nos informes de reparo que se viñeron emitindo. Cómpre salientar que na memoria xustificativa ás resolucións contrarias aos reparos emitidos no exercicio 2017 (documento do que se deu conta na sesión plenaria do mes de marzo de 2018), no apartado no que o Presidente xustificaba a concesión de determinadas subvencións nominativas, asumíuse o compromiso de presentar un Plan estratéxico de subvencións ao longo de 2018; no entanto, transcorrido dito exercicio e ata o momento presente, non consta que dito documento teña sido presentado nin remitido a informe desta Intervención.

- Nalgúns casos tense apreciado a Imposibilidade contable e financeira de que os fondos recibidos queden afectados á totalidade do gasto que figura no orzamento da cláusula segunda, ao tratarse dun gasto xa devindicado e liquidado no exercicio 2017, mesmo en dous expedientes no exercicio 2016. Xa que logo, cando a subvención se concedeu para o financiamento de gastos realizados en exercicios anteriores , a achega xa non é unha subvención, senón unha transferencia destinada a aumentar o superávit ou, no seu caso, a paliar as perdas da entidade beneficiaria no exercicio correspondente, deixando de producirse o efecto de estímulo ou incentivo que toda subvención debería conlevar.

Tamén pola falla de acreditación da excepcionalidade das subvenciónns e pola inexistencia de urxencia, o reparo da Intervención xa foi incorporado aos expedientes de modificación orzamentaria polos que se aprobaron as dotacions orzamentarias nececesarias para a posterior tramitación e concesión das subvencións nominativas. Segundo dispón o artigo 177 TRLRFL, o gasto cuxa dotación se habilita mediante un crédito extraordinario ou se incrementa a través dun suplemento, ten que resultar necesario no propio exercicio, sen que caiba a demora a exercicio posterior; no entanto, nos expedientes de modificación de créditos 4/2018 (aprobado polo Pleno na sesión ordinaria de xuño), 6/2018 (aprobado polo Pleno na sesión ordinaria de setembro) e 7/2018 (aprobado polo Pleno na sesión ordinaria de novembro), no que atinxe ás dotacións para novas subvencións nominativas non se achegou documentación dabondo para apreciar o carácter inaprazable dos gastos correspondentes.

**2. A nómina do persoal eventual: falla de acreditación da realización das funcións e do cumprimento da xornada de traballo.**

No mes de febreiro de 2018 foi emitido reparo suspensivo respecto da nómina ordinaria de dito mes correspondente ao persoal eventual. Naquel informe desfavorábel, a Intervención de novo insistíu na falla de acreditación do cumprimento do horario por parte de determinado persoal eventual e mesmo cuestionou que determinadas persoas nomeadas con tal carácter estivesen prestando realmente servizos para esta Corporación. A falla de exhibición á Intervención dos rexistros do sistema de control horario do persoal eventual, así coma a percepción da entrega a conta da produtividade do exercicio 2018 sen estar liquidada a do exercicio 2016, conlevou a emisión dun reparo suspensivo de toda a nómina de persoal, ao formar toda ela un expediente unitario sobre o que se emite un único informe de fiscalización.

Deputación DA CORUÑA
INTERVENCIÓN

O reparo foi levantado mediante resolución emitida pola Presidencia 7523/2018, de 27 de febreiro, motivándose a mesma no informe emitido polo Servizo de Planificación e xestión de recursos humanos, validado pola Asesoría xurídica. Asemade dispúxose solicitar un informe á Asesoría xurídica sobre o réxime retributivo e de desempeño do persoal eventual; no entanto, a de hoxe, seguen sen achegarse a esta Intervención os rexistros de control horario solicitados, polo que se debe invocar o disposto no artigo 6 do Regulamento de control interno, en canto impón a todas as autoridades e xefes de oficinas públicas o deber de colaboración cos funcionarios que realizan tarefas de control interno.

3. **Resolución aprobando a prórroga dun contrato con omisión da fiscalización previa.**

A Intervención puido coñecer que un contrato fora prorrogado cando foi sometida á preceptiva fiscalización a proposta de pagamento dunha factura emitida fóra da vixencia inicial daquel contrato. Deste xeito coñeceuse que a prórroga fora aprobada sen terse sometido o correspondente expediente á fiscalización previa e xa fóra da vixencia do contrato inicial, polo que se emitiu informe de reparo suspensivo.. A Unidade xestora emitiu un informe no que se xustifican as razóns do atraso e, logo de propor a desistencia da prórroga, entendeu que a factura tiña que ser pagada, dado que o servizo corerspondente tiña sido prestado. Ao abeiro de dito informe, a Presidencia ditou a resolución 14.638/2018, do 27 de abril, pola que se validaron as actuacións realizadas e se aprobou o pagamento da factura.

Posteriormente recibiuse outra factura do mesmo provedor, tamén emitida xa fóra da vixencia do contrato, que recibíu o mesmo informe de reparo da Intervenicón e que finalmente foi validada por Resolución da Presidencia nº 28.542/2018, do 27 de agosto.

4. **Contratación de aluguer de espazos sen que se acredite o prezo de mercado.**

No expediente PCO.001.2018.00267, tramitado para a contratación do aluguer de espazos no mercado da Luz, dentro do evento Festival da Luz-2018, a Intervención entendeu que non quedaba xustificado nin acreditado o prezo de mercado ofertado pola entidade organizadora. Logo dun informe xustificativo emitido polo Servizo de Promoción económica, a Presidencia levantou o reparo e aprobou o expediente de contratación mediante resolución 29.747/2018, do 7 de setembro.

**5. Contratación co mesmo provedor de contratos menores que superan o umbral de 15.000 euros.**

Na tramitación do expediente de contratación PCO.2018.001.2018.0399, que tiña como obxecto a contratación de servizos de publicidade radiofónica, a Intervención observou que sumada a contratación proposta con outras que xa fixeran con anterioridade, estaba a superarse claramente o importe de 15.000 euros establecido no artigo 118.3 da nova Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector público, polo que se formulou a correspondente nota de reparo.

Mediante resolución 45.865/2018, do 38 de decembro, a Presidencia validou as actuacións, motivando a súa decisión no ditame 41/2017 da Xunta Consultiva de contratación administrativa do Estado.

INTERVENCIÓN

**PARTE III.- RECOMENDACIÓNS.**

**PRIMEIRA. A planificación da actividade da Deputación no marco das competencias atribuídas a estas entidades locais pola Lei 27/2013, de reforma e sostibilidade da Administración Local.**

Se a Provincia vén definida como unha entidade local determinada pola agrupación de municipios (artigo 31 da Lei 7/85), no marco xurídico actual, despois do reforzamento das competencias das deputacións pola Lei 27/2013, a planificación da actividade e do gasto desta administración ten que partir dunha idea nuclear e básica, cal é a de garantir a prestación efectiva dos servizos básicos en todos os municipios, especialmente nos de menor capacidade económica e de xestión.

Con fundamento na idea exposta, non pode estrañar que nos abondosos informes de reparo emitidos ás propostas de subvencións nominativas a prol de determinados municipios da Provincia, tense insistido en que a forma ordinaria de cooperación económica da Deputación cos concellos é mediante a aprobación de plans, nos que mediante criterios obxectivos e regulados se poidan distribuír ordeadamente as contías que lle corresponden a cada un daqueles.

Por outra banda, non só hai que conseguir a prestación efectiva dos servizos públicos municipais en todos os municipios da provincia, senón logralo baixo o principio constitucional de eficiencia, isto é, ao menor custo posible. Para iso, na actividade de planificación que se está comentando, debería valorarse a posibilidade de que esta Deputación puidese realizar a prestación directa dalgún servizo público, de maneira que se xerasen economías de escala, ou cando menos fórmulas de xestión compartida, tal como postula o artigo 26.2 da LBRL, ofrecendo así a posibilidade de que os concellos poidan ter algunha alternativa á prestación do servizo por si mesmos, iso si dentro do máximo respecto á súa autonomía, tal como esixe a interpretación que deste precepto ten feito o Tribunal Constitucional na sentenza 111/2016, do 9 de xuño, declarando inconstitucional o inciso que atribuía a decisión final sobre a proposta de prestación ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

En definitiva, dado que o Tribunal Constitucional ten admitido esta forma de cooperación ou "coordinación voluntaria" para a mellor prestación dos servizos básicos nos concellos de menos de 20.000 habitantes, recoméndase que se tome en consideración esta posibilidade na actividade de planificación dos recursos que esta Deputación canaliza a favor dos concellos da Provincia.

**SEGUNDA. A necesaria planificación da acción de fomento a prol de entidades non lucrativas, utilizando só o procedemento de outorgamento directo ou nominativo de subvencións en casos moi excepcionais.**

Como se ten exposto anteriormente, tanto pola súa importancia cuantitativa como tamén cualitativa, os reparos emitidos polo outorgamento de subvencións nominativas foron, sen ningunha dúbida, a principal anomalía posta de manifesto pola Intervención na xestión do gasto ao longo do exercicio orzamentario 2018. Por iso, a segunda recomendación deste informe ten como finalidade insistir unha vez máis neste asunto, co ánimo de que se reconduza a acción de fomento provincial baixo tres ideas fundamentais: planificación, coordinación coas demais administracións públicas e tramitación procedimental en réxime de publicidade e concorrencia.

A continuación analízanse someramente estas tres reflexións, sen prexuízo de que para o seu estudo e aplicación máis detallada, se poidan realizar informes ou memorias específicas, ofrecendo desde a Intervención toda a colaboración que desde os órganos de goberno ou dos distintos servizos xestores se puidese precisar.

A planificación da actividade de fomento non é simplemente conveniente, senón que se impón necesariamente como imperativo legal. Así, tal como se ten comentado nos abondosos informes de reparo ás subvencións nominativas, o primeiro dos principios xerais recollidos no artigo 8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, establece que os órganos que se propoñan o establecemento de subvencións "*deberán concretar nun plan estratéxico de subvencións os obxectivos e efectos que se pretenden son a súa aplicación, o prazo necesario para a súa consecución, os custos previsibles e as súas fontes de financiamento, supeditándose en todo caso ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria*".

En desenvolvemento desta previsión legal, o Regulamento da Lei dedica toda unha sección (artigos 10 a 15) á regulación detallada dos plans estratéxicos, determinando o seu ámbito e contido, aprobación, seguimento e efectos do seu incumprimento. Por tanto, recoméndase con encarecemento aos órganos de goberno e aos servizos xestores que promovan a aprobación dun plan estratéxico para darlle desde o primeiro momento o canle máis axeitado á acción de fomento provincial.

En segundo lugar, e no marco dunha planificación estratéxica, resulta imprescindible unha adecuada e eficaz coordinación coas demais administracións públicas (Comunidade Autónoma e municipios), cuxa acción de fomento actúa na esfera dos ámbitos culturais, deportivos, sociais e de cooperación ao desenvolvemento. Na tramitación de abondosos expedientes de control financeiro tense constatadoa concorrencia das subvencións da Deputación coas dos concellos e da Comunidade Autónoma, xerando ás veces efectos indeseados que derivan no reintegro parcial ou total da subvención concedida por exceso de financiamento e, simultaneamente, o exercicio da potestade sancionadora ante o ocultamento da concorrencia por parte das entidades beneficiarias. Estas consecuencias, ás veces de extrema gravidade para as entidades beneficiarias, quizais se poderían evitar ou, polo menos, paliar en parte, nunha actuación coordinada das administracións subvencionantes, delimitando previamente o campo de acción de cada unha delas.

En terceiro lugar, pero non por iso non menos importante, hai que invocar novamente o artigo 8 da Lei Xeral de Subvencións, cuxo apartado tres, establece os principios procedimentais de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, así como a procura da eficacia e eficiencia na asignación dos recursos públicos. Precisamente, a excepción non acreditada documentalmente dos estes principios, foi a razón dos numerosos reparos efectuados.

Fronte aos reparos da Intervención, argumentouse que os procedementos en réxime de publicidade e concorrencia competitiva non se adaptan ás necesidades de determinadas entidades, polo carácter sectorial ou singular das actuacións que se van a desenvolver ou polo importe do gasto a realizar. Pero fronte tal argumento, a Intervención debe manifestar que tamén os procedementos de réxime de concorrencia e publicidade admiten a modulación para adaptarse a un ámbito sectorial determinado ou a uns maiores importes de gasto subvencionable.

Remátase esta consideración lembrando que sobre a acción provincial de fomento no período 2012-2017 tense emitido un informe deste órgano interventor que se inclúe coma anexo ao presente.

**TERCEIRA.- O sometemento do persoal eventual ás normas de control horario e permanencia aplicables a todo o persoal funcionario.**

Segundo o previsto no artigo 12 do Texto refundido do Estatuto básico do empregado público, o persoal eventual caracterízase fundamentalmente polas funcións que realiza (de confianza e asesoramento especial, non podendo participar no exercicio de funcións públicas atribuidas ao persoal funcionario de carreira), sendo o seu nomeamento e cesamento libres, producíndose en todo caso o tal cesamento no mesmo momento no que cesa a autoridade que lle outorgou o nomeamento. En todo o demais, incluido catálogo de dereitos e obrigas, asimílanse plenamente ao restante persoal funcionario.

Como ben é sabido, a Lei 27/2013, de Racionalización e Sostibilidade local, limitou o número de postos de traballo para cubrir por persoal eventual, engadindo a Lei 7/85 o artigo 104 bis, no que ademais introduciu obrigas adicionais de transparencia, esixindo que se publique semestralmente na sede electrónica e no Boletín Oficial da Provincia o número de postos de persoal eventual, e ademais obrigando á Presidencia a informar ao Pleno de que se cumpre con este artigo.

Pero, sen prexuizo de que se cumpra máis axeitadamente coas obrigas formais de información que se veñen de relatar, a medida a adoptar a maior brevidade posible consiste en esixir ao persoal eventual que cumpra con todos os deberes e obrigas establecidos con carácter xeral na lexislación de función pública para todo o persoal, sen ningunha clase de privilexio, excepción ou singularidade. Deste xeito, o réxime de cumprimento da xornada de traballo e de permanencia na dependencia do Pazo provincial na que teñen reservado un espazo (ala noroeste do terceiro andar) ha de ser a mesma que para o restante persoal, sen prexuizo das comisións de servizo, xestións de empresa ou outras modalidades de realización de tarefas e cometidos de confianza e asesoramento que poidan realizarse fóra do Pazo provincial e que estean debidamente autorizadas en cada caso.

**Perante esta última observación, esta Intervención ha de insistir de novo en que debería deixarse sen efecto a resolución nº 36515/2017, de 20 de novembro, pola que se derrogou singularmente para o persoal eventual o réxime xeral de control horario establecido para todo o persoal, procedendo seguidamente a regulamentar de forma detallada, no seu caso, o réxime de funcións e de acreditación do desempeño das mesmas polo persoal eventual.**

En definitiva, as observacións, notas de reparo e recomendacións expostas póñense en coñecemento do Pleno da Corporación, para que no exercicio das súas atribucións, adopte os acordos ou propostas de actuación necesarias para emendar e correxir as deficiencias postas de manifesto por este órgano interventor nos informes de reparo emitidos. Posteriormente, o presente informe e o seu anexo, serán remitidos ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas, como anexo da Conta Xeral correspondente ao exercicio 2018.

A Coruña, 12 de febreiro de 2019.

**O Interventor adxunto,**

**Juan Bautista Suárez Ramos.**

**O Viceinterventor,**

**José María Pérez Alvariño.**

**O Interventor xeral,**

**José Manuel Pardellas Rivera**

# Informe reparos 2018

FECHAREPARO NUMEXPNTE APLICACIONPRESUPUESTARIA
13/07/2017 2016000010885 0612/3411/481
DENOMINACION
OBRADOIRO CLUB AMIGOS DEL BALONCESTO
IMPORTE FECHARESOLUCION
100.000,00 € 29/06/2018
DESCRIPCION
Convenio de Colaboración entre la Diputación Provincial de A Coruña y el Obradoiro Club de Amigos del Baloncesto CAB para financiar el mantenimiento de los equipos de las categorías base del club en el año 2016

FECHAREPARO NUMEXPNTE APLICACIONPRESUPUESTARIA
23/01/2018 F/2018/194 0115/4501/213
DENOMINACION
CIENCIA E TECNOLOXIA AMBIENTAL, S.L.N.E.
IMPORTE FECHARESOLUCION
2.775,11 € 27/04/2018
DESCRIPCION
Servicios de Gestión de la Flota de Vehículos de la Diputación Provincial de A Coruña Período 03/09/2017 a 02/12/2017

FECHAREPARO NUMEXPNTE APLICACIONPRESUPUESTARIA
08/02/2018 2017000018419 0612/3411/481
DENOMINACION
SANTIAGO FUTSAL
IMPORTE FECHARESOLUCION
60.000,00 € 23/03/2018
DESCRIPCION
Participación en la primera división de fútbol sala nacional en el año 2017

FECHAREPARO NUMEXPNTE APLICACIONPRESUPUESTARIA
09/02/2018 2017000002297 0611/23122/46201
DENOMINACION
CONCELLO DA CORUÑA
IMPORTE FECHARESOLUCION
80.000,00 € 23/02/2018
DESCRIPCION
Programa "Concilia os teus tempos 2017"

FECHAREPARO NUMEXPNTE APLICACIONPRESUPUESTARIA
12/02/2018 2017000019154 0612/3411/481
DENOMINACION
FUNDACION RACING CLUB FERROL
IMPORTE FECHARESOLUCION
40.000,00 € 23/03/2018
DESCRIPCION
Escuela deportiva: promover, apoyar y difundir el dporte base durante el año 2017

FECHAREPARO NUMEXPNTE APLICACIONPRESUPUESTARIA
14/02/2018 2017000019015 0612/3341/46201
DENOMINACION
CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
IMPORTE FECHARESOLUCION
140.000,00 € 23/02/2018
DESCRIPCION
Programa de Actividades de Centros Socioculturales del ámbito rural durante el año 2017

FECHAREPARO NUMEXPNTE APLICACIONPRESUPUESTARIA
15/02/2018 2017000018761 0612/3411/481
DENOMINACION
CLUB BASQUET CORUÑA
IMPORTE FECHARESOLUCION
125.000,00 € 23/03/2018
DESCRIPCION
Participación en la cometición LEB ORO en el año 2017

FECHAREPARO NUMEXPNTE APLICACIONPRESUPUESTARIA
15/02/2018 2017000018670 0612/3411/481
DENOMINACION
HOCKEY CLUB LICEO DE LA CORUÑA
IMPORTE FECHARESOLUCION
100.000,00 € 23/03/2018
DESCRIPCION
Participación en la liga OK femenina de baloncesto del año 2017, en la Copa de la Reina y en el título Play offs

FECHAREPARO NUMEXPNTE APLICACIONPRESUPUESTARIA
26/02/2018 Nom feb 2018 0710/929/15000
DENOMINACION
DIPUTACION DE LA CORUÑA

IMPORTE FECHARESOLUCION
65.398,14 € 27/02/2018
DESCRIPCION
Nómina del Personal Funcionario Eventual correspondiente al mes de febrero de 2018

FECHAREPARO NUMEXPNTE APLICACIONPRESUPUESTARIA
06/03/2018 2017000013931 0612/3269/42390
DENOMINACION
UNIVERSIDAD INTERNACIONAL MENENDEZ PELAYO

IMPORTE FECHARESOLUCION
50.272,00 € 23/03/2018
DESCRIPCION
Cursos en la Sede de A Coruña en el año 2017

FECHAREPARO NUMEXPNTE APLICACIONPRESUPUESTARIA
07/03/2018 2017000017859 0510/433/481
DENOMINACION
CONFEDERACION EMPRESARIOS DE LA CORUÑA

IMPORTE FECHARESOLUCION
24.800,00 € 27/04/2018
DESCRIPCION
Proyecto formativo CEC

FECHAREPARO NUMEXPNTE APLICACIONPRESUPUESTARIA
13/03/2018 2017000003083 0430/4541/76201
DENOMINACION
CONCELLO DE TEO

IMPORTE FECHARESOLUCION
30.000,00 € 23/03/2018
DESCRIPCION
Mejora de la accesibilidad en diversos puntos del Ayuntamiento de Teo

| FECHAREPARO | NUMEXPNTE | APLICACIONPRESUPUESTARIA |
|---|---|---|
| 15/03/2018 | 2017000019019 | 0430/1651/76201 |

DENOMINACION
CONCELLO DE MOECHE

| IMPORTE | FECHARESOLUCION |
|---|---|
| 68.173,70 € | 23/03/2018 |

DESCRIPCION
Mejora del ahorro energético en la iluminación pública de los accesos del entorno de la Feria

| FECHAREPARO | NUMEXPNTE | APLICACIONPRESUPUESTARIA |
|---|---|---|
| 22/03/2018 | 2018000005983 | 0112/3342/76201 |

DENOMINACION
CONSORCIO DE LA CIUDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

| IMPORTE | FECHARESOLUCION |
|---|---|
| 215.363,50 € | 28/09/2018 |

DESCRIPCION
Adquisición de obras artísticas del Pintor Carlos Maside

| FECHAREPARO | NUMEXPNTE | APLICACIONPRESUPUESTARIA |
|---|---|---|
| 06/04/2018 | 2017000003131 | 0430/1611/76201 |

DENOMINACION
CONCELLO DE PONTEDEUME

| IMPORTE | FECHARESOLUCION |
|---|---|
| 185.000,00 € | 27/04/2018 |

DESCRIPCION
Ejecución de la obra de renovación de tuberías en la red general de abastecimiento de agua potable en Nogueirosa

| FECHAREPARO | NUMEXPNTE | APLICACIONPRESUPUESTARIA |
|---|---|---|
| 11/04/2018 | 2018000000539 | 0510/3331/481 |

DENOMINACION
FUNDACION P/FOM.CONOCMTO.CONSTR.NVAL.Y ACTIV.MARIT.EXPONAV

| IMPORTE | FECHARESOLUCION |
|---|---|
| 125.000,00 € | 25/05/2018 |

DESCRIPCION
Gastos de funcionamiento de la Fundación y del Museo de Contrucción Naval

| FECHAREPARO | NUMEXPNTE | APLICACIONPRESUPUESTARIA |
|---|---|---|
| 12/04/2018 | 2017000017855 | 0510/433/481 |

DENOMINACION
ASOCIACION COMERCIAL DE EMPRENDEDORES DE GALICIA

| IMPORTE | FECHARESOLUCION |
|---|---|
| 4.221,60 € | 25/05/2018 |

DESCRIPCION
Propuesta de convenio para el proyecto "Momentos Emprendedores"

| FECHAREPARO | NUMEXPNTE | APLICACIONPRESUPUESTARIA |
|---|---|---|
| 12/04/2018 | 2018000003511 | 0112/93391/76201 |

DENOMINACION
CONCELLO DE ARTEIXO

| IMPORTE | FECHARESOLUCION |
|---|---|
| 191.948,89 € | 27/04/2018 |

DESCRIPCION
Reforma y ampliación de edificio destinado a centro social en la antigua escuela de Barrañán

| FECHAREPARO | NUMEXPNTE | APLICACIONPRESUPUESTARIA |
|---|---|---|
| 17/04/2018 | 2017000002793 | 0430/4541/76201 |

DENOMINACION
CONCELLO DE LAXE

| IMPORTE | FECHARESOLUCION |
|---|---|
| 45.000,00 € | 27/04/2018 |

DESCRIPCION
Mejora de seguridad vial en distintas vías e caminos de titularidad municipal en el ayuntamiento de Laxe: Laxe, Serantes, Traba y Nande

| FECHAREPARO | NUMEXPNTE | APLICACIONPRESUPUESTARIA |
|---|---|---|
| 17/04/2018 | 2017000003082 | 0510/3343/481 |

DENOMINACION
ASOCIACION CULTURAL FESTIVAL DE LA LUZ

| IMPORTE | FECHARESOLUCION |
|---|---|
| 40.000,00 € | 27/04/2018 |

DESCRIPCION
Festival de la Luz

FECHAREPARO NUMEXPNTE APLICACIONPRESUPUESTARIA
18/04/2018 2017000003091 0430/4541/76201
DENOMINACION
CONCELLO DE ZAS
IMPORTE FECHARESOLUCION
89.897,00 € 27/04/2018
DESCRIPCION
Mejora y apertura de pistas forestales 2016

FECHAREPARO NUMEXPNTE APLICACIONPRESUPUESTARIA
19/04/2018 2017000019024 0430/16211/76201
DENOMINACION
CONCELLO DA CORUÑA
IMPORTE FECHARESOLUCION
52.044,98 € 27/04/2018
DESCRIPCION
Implantación de seis puntos de recogida de residuos urbanos subterráneos en la Calle San Andrés.

FECHAREPARO NUMEXPNTE APLICACIONPRESUPUESTARIA
02/05/2018 2018000000216 0611/23121/46701
DENOMINACION
CONSORCIO AS MARIÑAS
IMPORTE FECHARESOLUCION
60.000,00 € 25/05/2018
DESCRIPCION
Servicio de Asesoría jurídica social especializada en el año 2018

FECHAREPARO NUMEXPNTE APLICACIONPRESUPUESTARIA
08/05/2018 2017000002850 0430/1601/76201
DENOMINACION
CONCELLO DE PORTO DO SON
IMPORTE FECHARESOLUCION
55.500,00 € 25/05/2018
DESCRIPCION
Instalación de colectores de saneamiento en las parroquias de Miñorto y Nebra

| FECHAREPARO | NUMEXPNTE | APLICACIONPRESUPUESTARIA |
| --- | --- | --- |
| 08/05/2018 | 2017000017856 | 0510/433/481 |

DENOMINACION
CONFEDERACION DE EMPRESARIOS DE FERROLTERRA EUME Y ORTEGAL

| IMPORTE | FECHARESOLUCION |
| --- | --- |
| 70.000,00 € | 29/06/2018 |

DESCRIPCION
Financiar el proyecto "Actuacións 2017"

| FECHAREPARO | NUMEXPNTE | APLICACIONPRESUPUESTARIA |
| --- | --- | --- |
| 09/05/2018 | 2017000019155 | 0612/3411/481 |

DENOMINACION
FEDERACION GALLEGA DE CICLISMO

| IMPORTE | FECHARESOLUCION |
| --- | --- |
| 86.500,00 € | 25/05/2018 |

DESCRIPCION
XVI Vielta Ciclista la provincia de A Coruña

| FECHAREPARO | NUMEXPNTE | APLICACIONPRESUPUESTARIA |
| --- | --- | --- |
| 10/05/2018 | 2017000017327 | 0612/3343/481 |

DENOMINACION
FEDERACION GALEGA DE BANDAS DE MUSICA POPULARES

| IMPORTE | FECHARESOLUCION |
| --- | --- |
| 20.000,00 € | 25/05/2018 |

DESCRIPCION
IX Campus Musical 2017

| FECHAREPARO | NUMEXPNTE | APLICACIONPRESUPUESTARIA |
| --- | --- | --- |
| 14/05/2018 | 2017000019027 | 0430/3331/76201 |

DENOMINACION
CONCELLO DE LAXE

| IMPORTE | FECHARESOLUCION |
| --- | --- |
| 20.000,00 € | 25/05/2018 |

DESCRIPCION
Mejora de equipamientos e infraestructuras del Museo do Mar de Laxe

| FECHAREPARO | NUMEXPNTE | APLICACIONPRESUPUESTARIA |
|---|---|---|
| 15/05/2018 | EMC 4/2018 | VARIAS |

DENOMINACION
DIPUTACION DE LA CORUÑA

IMPORTE 11.491.069,55 €
FECHARESOLUCION 08/06/2018

DESCRIPCION
EMC. 4/2018 DE APROBACIÓN POR EL PLENO

| FECHAREPARO | NUMEXPNTE | APLICACIONPRESUPUESTARIA |
|---|---|---|
| 15/05/2018 | 2018000000217 | 0611/23121/481 |

DENOMINACION
COMITE CIUDADANO ANTI-SIDA DA CORUÑA

IMPORTE 60.000,00 €
FECHARESOLUCION 29/06/2018

DESCRIPCION
Mantenimiento de la red de pisos de acogida

| FECHAREPARO | NUMEXPNTE | APLICACIONPRESUPUESTARIA |
|---|---|---|
| 15/05/2018 | 2017000002812 | 0430/1611/76201 |

DENOMINACION
CONCELLO DE PADERNE

IMPORTE 96.000,00 €
FECHARESOLUCION 25/05/2018

DESCRIPCION
Ampliación y mejora de la red de abastecimiento domiciliario de agua potable

| FECHAREPARO | NUMEXPNTE | APLICACIONPRESUPUESTARIA |
|---|---|---|
| 05/06/2018 | 2018000022660 | 0612/3411/46201 |

DENOMINACION
CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

IMPORTE 121.000,00 €
FECHARESOLUCION 08/06/2018

DESCRIPCION
Celebración de la fase final de la Supercopa de Baloncesto en el mes de septiembre de 2018

FECHAREPARO NUMEXPNTE APLICACIONPRESUPUESTARIA
13/06/2018 2018000000209 0612/3343/46701
DENOMINACION
CONSORCIO PARA PROMOCION MUSICA DE LA CORUÑA

IMPORTE FECHARESOLUCION
1.500.000,00 € 29/06/2018
DESCRIPCION
Programa de actividades de la Orquesta Sinfónica de Galicia en el año 2018

FECHAREPARO NUMEXPNTE APLICACIONPRESUPUESTARIA
15/06/2018 2017000012183 0510/3339/650
DENOMINACION
CISTERCIENSE ORDEN SANTA MARIA DE SOBRADO

IMPORTE FECHARESOLUCION
62.065,11 € 29/06/2018
DESCRIPCION
Rehabilitación de parte de la cubierta del claustro de pregrinos del Monasterio de Sobrado dos Monxes

FECHAREPARO NUMEXPNTE APLICACIONPRESUPUESTARIA
18/06/2018 2017000018668 0612/3411/481
DENOMINACION
O PARRULO FUTBOL SALA

IMPORTE FECHARESOLUCION
60.000,00 € 29/06/2018
DESCRIPCION
Participación en la 2ª división de la LNFS y en la Copa del Rey en el año 2017

FECHAREPARO NUMEXPNTE APLICACIONPRESUPUESTARIA
19/06/2018 2018000000213 0611/23121/46201
DENOMINACION
CONCELLO DE CULLEREDO

IMPORTE FECHARESOLUCION
70.000,00 € 27/07/2018
DESCRIPCION
Mantenimiento general y reserva de plazas en el Centro Ocupacional "A Escada"

| FECHAREPARO | NUMEXPNTE | APLICACIONPRESUPUESTARIA |
|---|---|---|
| 21/06/2018 | 2017000002814 | 0430/1601/76201 |

DENOMINACION
CONCELLO DE FENE

| IMPORTE | FECHARESOLUCION |
|---|---|
| 103.672,80 € | 29/06/2018 |

DESCRIPCION
Reposición de saneamiento en el Camino del Sartego (desde la avda. Naturais asta Camino Casanova) y aglomerado de la calle Fontenova.

| FECHAREPARO | NUMEXPNTE | APLICACIONPRESUPUESTARIA |
|---|---|---|
| 29/06/2018 | 2017000019081 | 0510/4321/46201 |

DENOMINACION
CONCELLO DE ORDES

| IMPORTE | FECHARESOLUCION |
|---|---|
| 19.892,40 € | 27/07/2018 |

DESCRIPCION
Festival de arte urbano "Desordes Creativas 2017"

| FECHAREPARO | NUMEXPNTE | APLICACIONPRESUPUESTARIA |
|---|---|---|
| 29/06/2018 | 2018000000218 | 0611/23121/481 |

DENOMINACION
FUNDACION PAIDEIA GALIZA

| IMPORTE | FECHARESOLUCION |
|---|---|
| 17.000,00 € | 27/07/2018 |

DESCRIPCION
Programa de voluntariado social en países europeos año 2018

| FECHAREPARO | NUMEXPNTE | APLICACIONPRESUPUESTARIA |
|---|---|---|
| 06/07/2018 | 2018000000241 | 0510/24101/481 |

DENOMINACION
CONFEDERACION GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE

| IMPORTE | FECHARESOLUCION |
|---|---|
| 90.684,45 € | 27/07/2018 |

DESCRIPCION
Programa de Intermediación Laboral durante el año 2017

| FECHAREPARO | NUMEXPNTE | APLICACIONPRESUPUESTARIA |
|---|---|---|
| 10/07/2018 | 2017000019020 | 0430/4532/76201 |

**DENOMINACION**
CONCELLO DE MUXIA

| IMPORTE | FECHARESOLUCION |
|---|---|
| 200.000,00 € | 27/07/2018 |

**DESCRIPCION**
Acondicionamiento de accesos a la playa de Lago desde Os Muiños

| FECHAREPARO | NUMEXPNTE | APLICACIONPRESUPUESTARIA |
|---|---|---|
| 12/07/2018 | 2018000026615 | 0112/4532/76201 |

**DENOMINACION**
CONCELLO DE SANTISO

| IMPORTE | FECHARESOLUCION |
|---|---|
| 93.500,00 € | 27/07/2018 |

**DESCRIPCION**
Camino O Castro-Cruce Reboredo y otro

| FECHAREPARO | NUMEXPNTE | APLICACIONPRESUPUESTARIA |
|---|---|---|
| 12/07/2018 | 2017000002856 | 0430/4541/76201 |

**DENOMINACION**
CONCELLO DE NOIA

| IMPORTE | FECHARESOLUCION |
|---|---|
| 47.664,32 € | 27/07/2018 |

**DESCRIPCION**
Recuperación ambiental del borde marítimo de la costa de Abruñeiras. Tramo 1

| FECHAREPARO | NUMEXPNTE | APLICACIONPRESUPUESTARIA |
|---|---|---|
| 13/07/2018 | 2018000000205 | 0612/3341/481 |

**DENOMINACION**
ASOCIACION DE ESCRITORES EN LINGUA GALEGA

| IMPORTE | FECHARESOLUCION |
|---|---|
| 30.000,00 € | 27/07/2018 |

**DESCRIPCION**
Programción del año 2018

FECHAREPARO NUMEXPNTE APLICACIONPRESUPUESTARIA
17/07/2018 F/2018/2181 0115/92013/213
DENOMINACION
CIENCIA E TECNOLOXIA AMBIENTAL, S.L.N.E.

IMPORTE FECHARESOLUCION
2.775,11 € 28/08/2018
DESCRIPCION
Cuota 34 dispositivos (T1 2018)

---

FECHAREPARO NUMEXPNTE APLICACIONPRESUPUESTARIA
18/07/2018 2018000029035 0510/3341/46201
DENOMINACION
CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS

IMPORTE FECHARESOLUCION
80.000,00 € 27/07/2018
DESCRIPCION
XXXV Muestra de la Olería de Buño 2018

---

FECHAREPARO NUMEXPNTE APLICACIONPRESUPUESTARIA
03/08/2018 2018000026553 0112/1532/76201
DENOMINACION
CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS

IMPORTE FECHARESOLUCION
52.447,13 € 14/09/2018
DESCRIPCION
Mejora del camino municipal Cerqueda a Pozacas

---

FECHAREPARO NUMEXPNTE APLICACIONPRESUPUESTARIA
06/08/2018 2018000026398 0112/1532/76201
DENOMINACION
CONCELLO DA CAPELA

IMPORTE FECHARESOLUCION
193.582,20 € 14/09/2018
DESCRIPCION
Pavimentación acceso a las Fragas do Eume

| FECHAREPARO | NUMEXPNTE | APLICACIONPRESUPUESTARIA |
|---|---|---|
| 20/08/2018 | 2018000028621 | 0112/462/45390 |

DENOMINACION
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

| IMPORTE | FECHARESOLUCION |
|---|---|
| 48.000,00 € | 28/09/2018 |

DESCRIPCION
Prácticas del alumnado de la Escuela de Práctica Jurídica en los ayuntamientos de la provincia y adquisición de material necesario para su ejecución en el año 2018.

| FECHAREPARO | NUMEXPNTE | APLICACIONPRESUPUESTARIA |
|---|---|---|
| 22/08/2018 | 2018000008323 | 0510/462/46201 |

DENOMINACION
CONCELLO DA CORUÑA

| IMPORTE | FECHARESOLUCION |
|---|---|
| 30.000,00 € | 26/10/2018 |

DESCRIPCION
IV Encuentro Ibérico de Democracia y Presupuestos Participativos

| FECHAREPARO | NUMEXPNTE | APLICACIONPRESUPUESTARIA |
|---|---|---|
| 22/08/2018 | 2017000002810 | 0430/1601/76201 |

DENOMINACION
CONCELLO DE CORCUBION

| IMPORTE | FECHARESOLUCION |
|---|---|
| 64.000,00 € | 24/08/2018 |

DESCRIPCION
Mejora del saneamiento y pavimentación en la calle San Marcos y entorno

| FECHAREPARO | NUMEXPNTE | APLICACIONPRESUPUESTARIA |
|---|---|---|
| 29/08/2018 | 2018000027637 | 0112/1532/76201 |

DENOMINACION
CONCELLO DE CAMBRE

| IMPORTE | FECHARESOLUCION |
|---|---|
| 59.101,25 € | 26/10/2018 |

DESCRIPCION
Reordenación entorno calles Polígono y Francisco Añón

| FECHAREPARO | NUMEXPNTE | APLICACIONPRESUPUESTARIA |
|---|---|---|
| 29/08/2018 | 2018000026439 | 0112/1532/76201 |

DENOMINACION
CONCELLO DE COIROS

| IMPORTE | FECHARESOLUCION |
|---|---|
| 51.958,85 € | 14/09/2018 |

DESCRIPCION
Mejora del acceso a la área recreativa y Centro de Interpretación Fluvial de Chelo

| FECHAREPARO | NUMEXPNTE | APLICACIONPRESUPUESTARIA |
|---|---|---|
| 29/08/2018 | 2018000026366 | 0112/1711/76201 |

DENOMINACION
CONCELLO DA BAÑA

| IMPORTE | FECHARESOLUCION |
|---|---|
| 57.000,00 € | 14/09/2018 |

DESCRIPCION
Humanización del atrio de Santa Cristina de Marcelle

| FECHAREPARO | NUMEXPNTE | APLICACIONPRESUPUESTARIA |
|---|---|---|
| 31/08/2018 | 2018000000206 | 0612/3341/481 |

DENOMINACION
REAL ACADEMIA GALEGA

| IMPORTE | FECHARESOLUCION |
|---|---|
| 50.000,00 € | 14/09/2018 |

DESCRIPCION
Programación del año 2018

| FECHAREPARO | NUMEXPNTE | APLICACIONPRESUPUESTARIA |
|---|---|---|
| 31/08/2018 | 2016000010913 | 0612/3343/46201 |

DENOMINACION
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

| IMPORTE | FECHARESOLUCION |
|---|---|
| 200.000,00 € | 28/09/2018 |

DESCRIPCION
Financiar las obras de acondicionamiento del campo de fútbol y rugby en el campus sur de la USC

| FECHAREPARO | NUMEXPNTE | APLICACIONPRESUPUESTARIA |
|---|---|---|
| 03/09/2018 | PCO.001.2018.00267 | 0510/4142/22699 |

**DENOMINACION**

ZIRCOZINE, S.L.

| IMPORTE | FECHARESOLUCION |
|---|---|
| 50.000,00 € | 05/09/2018 |

**DESCRIPCION**

Contratación de espacios dentro del "Mercado de la Luz que se desenvuelve en el "Festival de la Luz 2018"

| FECHAREPARO | NUMEXPNTE | APLICACIONPRESUPUESTARIA |
|---|---|---|
| 04/09/2018 | 2017000019023 | 0430/4532/76201 |

**DENOMINACION**

CONCELLO DE OLEIROS

| IMPORTE | FECHARESOLUCION |
|---|---|
| 40.000,00 € | 14/09/2018 |

**DESCRIPCION**

Adquisición de un camión equipado con sistema portacontendores e dos contenedores.

| FECHAREPARO | NUMEXPNTE | APLICACIONPRESUPUESTARIA |
|---|---|---|
| 04/09/2018 | 2018000026617 | 0112/4532/76201 |

**DENOMINACION**

CONCELLO DE TOQUES

| IMPORTE | FECHARESOLUCION |
|---|---|
| 90.000,00 € | 14/09/2018 |

**DESCRIPCION**

Pavimentación del Camino de Franquean (Santa Eufemia) y otros

| FECHAREPARO | NUMEXPNTE | APLICACIONPRESUPUESTARIA |
|---|---|---|
| 05/09/2018 | 2018000026382 | 0112/4541/76201 |

**DENOMINACION**

CONCELLO DE BOQUEIXON

| IMPORTE | FECHARESOLUCION |
|---|---|
| 77.257,00 € | 28/09/2018 |

**DESCRIPCION**

Senda peatonal en Lamas

FECHAREPARO NUMEXPNTE APLICACIONPRESUPUESTARIA
12/09/2018 2018000029315 0111/3344/481
DENOMINACION
MESA POLA NORMALIZACION LINGUISTICA

IMPORTE FECHARESOLUCION
27.000,00 € 28/09/2018
DESCRIPCION
"A liña do Galego" en el año 2018

FECHAREPARO NUMEXPNTE APLICACIONPRESUPUESTARIA
18/09/2018 2018000026376 0112/1211/76201
DENOMINACION
CONCELLO DE ARANGA

IMPORTE FECHARESOLUCION
63.360,00 € 28/09/2018
DESCRIPCION
Ampliación de la Red de abastecimiento domiciliaria de aguapotable en la Parroquia de Feás

FECHAREPARO NUMEXPNTE APLICACIONPRESUPUESTARIA
19/09/2018 EMC 6/2018 VARIAS
DENOMINACION
DIPUTACION DE LA CORUÑA

IMPORTE FECHARESOLUCION
22.680.578,17 € 28/09/2018
4.5.1.6. Xunto coas convocatorias xerais efectuadas polo procedemento de concorrencia competitiva comentadas, tramitáronse en cada exercicio numerosas subvencións nominativas (ás que se fará referencia nun apartado posterior do presente informe) para as mesmas finalidades, investimentos ou actividades: cultura, deportes, servizos sociais, promoción económica.

4.5.1.7.Non se recolleron na tramitación correspondente os aspectos a que se refire o artigo 8.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, os artigos 10 e 15 do Regulamento de desenvolvemento da devandita lei, o artigo 5.1 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia e os artigos 6 e 7 do Decreto 11/2009, polo que se aproba o Regulamento da lei de subvencións de Galicia, como propios dun Plan estratéxico de subvencións

provinciais.

4.5.1.8.Finalmente hai que indicar que non consta que se dera cumprimento aos obxectivos contidos no Protocolo subscrito coa Xunta de Galicia, que se acompaña como anexo nº 16 nin accións que tiveran por obxectivo a coordinación coa acción de fomento doutras Administracións Públicas, Xunta de Galicia e Concellos, principalmente.

**4.5.2. En relación coas subvencións nominativas tramitadas a favor de entidades privadas.**

En relación coas subvencións nominativas tramitadas no período obxecto de análise a favor de entidades. persoas físicas ou xurídicas privadas poden realizarse as seguintes consideracións:

4.5.2.1.As subvencións nominativas tramitadas non recolleron a motivación da súa singularidade e excepcionalidade, a través da memoria xurídica, económica e técnica. Non se acreditaron, en consecuencia, as razóns que non permitían o seu outorgamento a través dos principios xerais de publicidade, concorrencia, igualdade e non discriminación, a xuízo do servizo de fiscalización.

4.5.2.2.Como se pode comprobar, a maior parte das subvencións nominativas outorgadas refírese a investimentos ou actividades de carácter cultural, deportivo, de servizos sociais ou promoción económica que coinciden no seu obxecto e destinatarios con convocatorias, públicas de subvencións tramitadas en réxime de concorrencia competitiva pola propia Deputación provincial, polos distintos órganos da Comunidade Autónoma ou polos concellos da provincia. Non consta a realización das tarefas orientadas á adecuada coordinación, colaboración ou cooperación coas restantes administracións públicas e tomar en consideración a posible concorrencia de subvencións públicas para a mesma finalidade (no momento da valoración da solicitude e con motivo da xustificación correspondente)

4.5.2.3.O importe da subvención provincial outorgada e o coeficiente de financiamento resultante non responde a criterios obxectivos adecuadamente expostos ou motivados nos expedientes tramitados.

4.5.2.4.Algunhas entidades foron obxecto de subvención nominativa provincial en varios exercicios, de forma anual, para o mesmo obxecto: actividade deportiva, cultural e outras. No anexo nº 9 recóllese o detalle e o importe das subvencións outorgadas a cada entidade beneficiaria no período comprendido entre o 1/1/2018 e o 31/12/2018.

4.5.2.5.O importe medio das subvencións nominativas outorgadas no período considerado (2012-2018) ascende a 38.901,60€ .Hai que reiterar que neste apartado o importe medio das subvencións concedidas no mesmo período en réxime de concorrencia foi de 4.363,89€.

Á vista de canto antecede é necesario insistir no xa exposto nos numerosos informes emitidos respecto diso: a necesidade de elaborar o máis axiña posible o Plan estratéxico de subvencións provinciais a que se refire a normativa estatal e autonómica de aplicación, co contido e alcance previsto nas devanditas normas e levar a cabo as accións de coordinación coas restantes Administracións Públicas.

Das observacións expostas débese excluír a achega anual efectuada a favor do Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña, cuxas achegas están recollidas no Estatuto regulador expresamente aprobado para o efecto polos órganos competentes da Deputación e a Xunta de Galicia. a achega provincial do exercicio 2018 ascendeu a 3.296.799,66 € (do total concedido de 6.045.163,16€ )

## 5.- ASIGNACIÓN A GRUPOS POLÍTICOS

Os pagos líquidos efectuados aos grupos políticos no período 2016-2018 foron os seguintes

## EVOLUCIÓN APORTACIONES A GRUPOS POLÍTICOS

| Grupo Político | Pagos líquidos 2016 | Pagos líquidos 2017 | Pagos líquidos 2018 | % Incremento 2016/2017 | % Incremento 2017/2018 | Total pagos líquidos 2016-2018 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **PP** | 8.032,97 | 19.149,19 | 19.042,84 | 238,38 | 99,44 | 46.225,00 |
| **PSOE** | 0,00 | 5.495,78 | 26.400,60 | 549.578,00 | 480,38 | 31.896,38 |
| BNG | 17.528,97 | 19.644,06 | 20.605,46 | 112,07 | 104,89 | 57.778,49 |
| **Marea Atlántica** | 3.399,87 | 15.135,06 | 16.607,07 | 445,17 | 109,73 | 35.142,00 |
| **Compostela Aberta** | 5.428,77 | 8.144,56 | 12.520,64 | 150,03 | 153,73 | 26.093,97 |
| **Alternativa dos veciños** | 13.326,28 | 12.922,20 | 13.904,54 | 96,97 | 107,60 | 40.153,02 |
| **TOTAIS** | **44.444,00** | **80.490,85** | **109.081,15** | **181,11** | **135,52** | **237.288,86** |

## EVOLUCIÓN APORTACIONES A GRUPOS POLÍTICOS

| Anualidad | PP | PSOE | BNG | Marea Atlántica | Compostela Aberta | Alernativa dos Veciños | Totais | %Increm. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **2016** | 8.032,97 | 0,00 | 17.528,97 | 3.399,87 | 5.428,77 | 13.326,28 | 47.716,86 | |
| **2017** | 19.149,19 | 5.495,78 | 19.644,06 | 15.135,06 | 8.144,56 | 12.922,20 | 80.490,85 | 168,68 |
| **2018** | 19.042,84 | 26.400,60 | 20.605,46 | 16.607,07 | 12.520,64 | 13.904,54 | 109.081,15 | 135,52 |
| **TOTAIS** | **46.225,00** | **31.896,38** | **57.778,49** | **35.142,00** | **26.093,97** | **40.153,02** | **237.288,86** | |

O **Anexo 11** recolle a desagregación dos importes percibidos polos grupos políticos.

## 6.-OUTRAS ACCIÓNS DE FOMENTO A FAVOR DE PERSOAS OU ENTIDADES PRIVADAS

### 6.1.- Bolseiros

#### 6.1.1.- Bolseiros incluídos na actividade da Deputación correspondentes a convenios coas Universidades galegas ou de bases aprobadas pola Deputación. (Anexo 12)

| BOLSEIROS 2018 | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **MES** | **Nº BOLSEIROS** | **IMPORTE** | **SS EMPRESA** | **TOTAL SS CARGO DEPUTACIÓN** |
| ENERO | 36 | 32.221,95 | 39,58 | 1.425,69 |
| FEBRERO | 33 | 30.321,67 | 39,58 | 1.306,14 |
| MARZO | 33 | 30.564,96 | 39,58 | 1.306,14 |
| ABRIL | 33 | 30.360,00 | 39,58 | 1.306,14 |
| MAIO | 35 | 32.200,00 | 39,58 | 1.385,30 |
| XUÑO | 36 | 31.884,12 | 39,58 | 1.431,82 |
| XULLO | 37 | 33.298,07 | 39,58 | 1.464,46 |
| AGOSTO | 32 | 29.493,53 | 39,58 | 1.266,56 |
| SETEMBRO | 30 | 27.600,00 | 39,58 | 1.187,40 |
| OUTUBRO | 31 | 27.527,05 | 39,58 | 1.226,38 |
| NOVEMBRO | 34 | 29.992,01 | 39,58 | 1.345,72 |
| DECEMBRO | 34 | 31.388,27 | 39,58 | 1.345,72 |
| **TOTAIS** | | **366.851,63** | | **15.997,47** |

| | |
|---|---|
| **IMPORTE TOTAL BOLSEIROS 2018** | **382.849,10** |

Na actualidade, e concretamente no mes de xaneiro de 2019, figuran incluídos 34 bolseiros que realizan prácticas de bolsas nos distintos servizos da Deputación que se relacionan no anexo 12.

As prácticas que realizan proveñen de :

•Convenios coas Universidades da Coruña e Santiago. Estas prácticas poden ter natureza curricular ou extracurricular. Estas últimas non forman parte dun plan de estudos, senón que son voluntarias e realízanse con posterioridade ás curriculares. A selección dos candidatos realízase polas citadas Universidades.

•Bolseiros seleccionados pola propia Deputación en función dunhas bases elaboradas polos distintos servizos.

As bolsas, tanto as procedentes de convenios como de bases aprobadas pola Deputación, teñen unha duración dun ano, prorrogable por outro máis. No entanto, dada a posibilidade de encadear prácticas currriculares e extracurriculares o tempo de permanencia na Deputación pode duplicarse, polo que se deberá actuar adoptando as cautelas e prevencións necesarias para garantir que as prácticas bolseiras non perdan, en ningún momento, a súa natureza formativa tanto pola súa duración como polas promocións que se poidan presentar ás convocatorias.

Resulta imprescindible reiterar o manifestado polos servizos de xestión de recursos humanos e de fiscalización nos informes emitidos ao respecto :

- As bolsas deben estar amparadas en Convenios formalizados coas autoridades educativas competentes.
- Deben referirse a programas formativos detallados expresamente polas Universidades.
- Deben contar cun titor designado pola Universidade e outro pola Deputación con criterios de idoneidade técnica.

- Deben ser obxecto de avaliación periódica pola titorías designadas.

O resumo dos importes abonados aos bolseiros nos anos 2017 e 2018 son os seguintes:

| EXERCICIO | BOLSEIROS | | SEGURIDADE SOCIAL | TOTAL BOLSEIROS | |
|---|---|---|---|---|---|
| | IMPORTE BOLSEIROS | Nº MEDIO BOLSEIROS | | IMPORTE | GTO.MEDIO BOLSEIRO |
| **2017** | 324.723,39 € | 31 | 12.826,22 € | 337.549,61 € | 10.889 |
| **2018** | 366.851,63 € | 34 | 15.997,47 € | 382.849,10 € | 11.260 |
| **TOTAIS** | **691.575,02 €** | **65** | **28.823,69 €** | **720.398,71 €** | **11.083** |

Faise constar que no informe emitido no ano anterior, os importes postos de manifesto como pagos realizados na anualidades 2018 foron os líquidos por 335.088,08€ , non obstante, no presente informe tómanse en consideración os importes brutos que son os que se recollen no cadro anterior.

**6.1.2.- Bolsas concedidas pola Deputación para investigación, perfeccionamento de estudios ou deportivas. (Anexo 13)**

| UNIDADE XESTORA | Nº BOLSEIROS | IMPORTE TOTAL CONCEDIDO |
|---|---|---|
| BOLSAS DE INVESTIGACIÓN | 20 | 160.000,00 |
| BOLSAS DE ESTUDIOS ARTÍSTICOS | 20 | 180.000,00 |
| BOLSAS DEPORTISTAS | 41 | 134.000,00 |
| BOLSAS CONSERVATORIO DE DANZA | 19 | 28.251,39 |
| **TOTAIS CONCEDIDOS** | **93** | **502.251,39** |

A evolución das Bolsas concedidas pola Deputación nos exercicios 2017-2018 foi a seguinte:

**EVOLUCIÓN BOLSAS CONCEDIDAS EN 2017-2018**

| ANUALIDAD | INVESTIGACION | ESTUDIOS ARTISTICOS | DEPORTISTAS | CONSERVATORIO DANZA | TOTAIS |
|---|---|---|---|---|---|
| **2017** | 160.000,00 | 180.000,00 | 90.000,00 | 23.580,62 | 453.580,62 |
| **2018** | 160.000,00 | 180.000,00 | 134.000,00 | 28.251,39 | 502.251,39 |
| **TOTAIS** | **320.000,00** | **360.000,00** | **224.000,00** | **51.832,01** | **955.832,01** |

Neste apartado, os servizos da Intervención Provincial consideran relevante que se definan nas Bases de cada convocatoria os contidos e alcance das Memorias a elaborar e a valoración motivada destas pola autoridade académica que proceda.

**6.2.- Premios**

Os premios concedidos pola Deputación da Coruña no exercicio 2018 son os que se relacionan en **anexo 14**, e cuxo resumen é o seguinte:

| UNIDADE XESTORA | Nº PREMIOS | Nº PREMIADOS | TOTAL CONCEDIDO |
|---|---|---|---|
| CULTURA | 10 | 20 | 120.000,00 |
| SERVICIOS SOCIAIS (*) | 3 | PTES .ADXUDICAR | 219.000,00 |
| UNIDADE TÉCNICA DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA | 1 | 2 | 6.000,00 |
| PROMOCION ECONOMICA | 2 | 3 | 75.000,00 |
| ESCOLA DE DANZA: PREMIOS Á EXCELENCIA | 1 | 3 | 1.500,00 |
| DESENVOLVEMENTO TERRITORIAL ,COOPERACIÓN E M.A. | 3 | PTES ADXUDICAR | 7.500,00 |
| **TOTAIS CONCEDIDOS** | **17** | | **429.000,00** |

A evolución dos Premios da Deputación nos exercicios 2017-2018 foi a seguinte:

**EVOLUCIÓN PREMIOS CONCEDIDOS EN 2017-2018**

| ANUALIDADE | CULTURA | SERVICIOS SOCIALES (*) | NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA | PROMOCIÓN ECONÓMICA | CONSERVATORIO DANZA | DESENVOLVEM. TERRITORIAL(*) | TOTAIS |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **2017** | 119.000,00 | 193.000,00 | 6.000,00 | 50.000,00 | 1.500,00 | 0,00 | 369.500,00 |
| **2018** | 120.000,00 | 219.000,00 | 6.000,00 | 75.000,00 | 1.500,00 | 7.500,00 | 429.000,00 |
| **TOTAIS** | **239.000,00** | **412.000,00** | **12.000,00** | **125.000,00** | **3.000,00** | **7.500,00** | **798.500,00** |

(*) Premios pendentes de adxudicar.da anualidade de 2018.

## 7 .- CONSIDERACIÓNS FINAIS.

**7.1.-** Á vista da información dispoñible e tomando en consideración o xa exposto en diferentes informes dos servizos provinciais procede manifestar o que segue, en relación coa acción de fomento orientada aos entes públicos e privados da provincia, cuxa desagregación total é o seguinte:

**TOTAL ACCION FOMENTO PERIODO 2012-2018**

| EXERC. | CONCELLOS | ENTIDADES LOCAIS D. PÚBLICO | ENTIDADES, PERSOAS FISICAS E XURÍDICAS | BOLSEIROS | | PREMIOS | ASIGNACION GRUPOS POLITICOS | TOTAIS |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | NOMINA | OTROS | | | |
| **2012** | 56.388.966,11 | 5.368.324,84 | 7.005.588,60 | | | | 0,00 | 68.762.879,55 |
| **2013** | 47.128.239,36 | 6.470.905,44 | 10.070.795,16 | | | | 0,00 | 63.669.939,96 |
| **2014** | 74.985.248,96 | 5.764.505,90 | 10.489.692,47 | | | | 0,00 | 91.239.447,33 |
| **2015** | 68.649.212,25 | 6.541.608,64 | 11.051.346,23 | | | | 0,00 | 86.242.167,12 |
| **2016** | 102.092.032,00 | 5.648.629,20 | 11.401.080,88 | | | | 47.716,86 | 119.189.458,94 |
| **2017** | 100.248.679,43 | 6.019.418,05 | 16.462.457,51 | 337.549,61 | 453.580,62 | 369.500,00 | 80.490,85 | 123.971.676,07 |
| **2018** | 112.643.825,09 | 6.342.685,86 | 16.492.509,30 | 382.849,10 | 502.251,39 | 421.500,00 | 109.081,15 | 136.894.701,89 |
| **TOTAIS** | **562.136.203,20** | **42.156.077,93** | **82.973.470,15** | **720.398,71** | **955.832,01** | **791.000,00** | **237.288,86** | **689.970.270,86** |

Faise constar que no informe emitido no ano anterior, os importes postos de manifesto como pagos realizados na nómina de Bolseiros na anualidade 2018 foron os líquidos por 335.088,08€ , non obstante, no presente informe tómanse en consideración os importes brutos que son os que se recollen no cadro anterior.

Polo que respecta ás achegas aos concellos sinalar que ao total de 112.643.825,09€ habería que engadir os importes percibidos a través dos Consorcios e outras entidades de dereito público por importe total de 2.832.123.701€ o que supón un total de 115.475.948,79€.

Os importes totais percibidos por cada un dos Concellos da provincia por toda a acción de fomento da Deputación Provincial da Coruña no exercicio 2018 se relacionan no **Anexo 15.**

A comparación destes importes en relación co orzamento inicial da Deputación da Coruña para a anualidade 2018, que ascendeu a 178.950.000,00€, é a seguinte :

| **Orzamento inicial 2018** | **178.950.000,00** | **Importe** | **% s orzamento inical** |
|---|---|---|---|
| Plans | | 91.210.644,81 | 50,97 |
| Nominativas (inclúe Consorcios) | | 7.969.303,10 | 4,45 |
| Concurrencia + Rede Cultural | | 16.296.000,88 | 9,11 |
| **Total acción de fomento 2018** | | **115.475.948,79** | **64,53** |

.

7.1.1.Resulta preceptivo e urxente elaborar un Plan estratéxico de subvencións co contido e alcance previsto nas normas de aplicación, que procure, entre outros puntos, a simplificación e racionalización de convocatorias e trámites.

7.1.2.Faise necesario tomar en consideración a acción de fomento das restantes administracións públicas (Estado, Xunta e Concellos) para garantir a necesaria coordinación, colaboración e cooperación para o exercicio das competencias propias de cada administración

7.1.3.A acción de fomento provincial debe realizarse con base en criterios obxectivos e equitativos, entre os que debe figurar o custo efectivo dos servizos, elaborados coa participación dos municipios da provincia e respectando a autonomía municipal e as competencias das distintas administracións públicas e orientarse especialmente aos municipios de menor capacidade económica.

7.1.4.Só por razóns excepcionais de interese público poden outorgarse subvencións nominativas, cando non resulte posible a aplicación dos principios xerais de publicidade, concorrencia, igualdade e non discriminación e así se acredite no expediente administrativo. En todo caso debe tomarse en consideración o establecido no artigo 22.2 da Lei xeral de subvencións e no artigo 67.3 do Regulamento desta para motivar adecuadamente o outorgamento da achega provincial, a súa contía, o coeficiente de financiamento proposto e demais puntos recollidos nas Bases 50 e 51 de execución do Orzamento provincial.

7.1.5.A elaboración dun Plan único de financiamento das obras e servizos de competencia municipal, que comprendese todos os recursos a asignar anualmente aos concellos da provincia con criterios obxectivos e equitativos, coa colaboración municipal no marco da súa autonomía de xestión, podería supor unha importante e decisiva racionalización e simplificación da actividade administrativa municipal e provincial actualmente comprometida na xestión dos múltiples programas en que se concreta na actualidade a actividade de fomento provincial dirixida a concellos e, ao propio tempo, dotaría esta acción dunha transparencia e avaliación inmediata. Tal forma de proceder está contemplada no artigo 36.2.a) da LRBRL, nos artigos 110 a 112 da LALGA e no artigo 9 da Carta Europea de Autonomía Local, cuxo teor literal é o seguinte:

*"Artigo 9 – Os recursos financeiros das Corporacións locais.*
*1. As Corporacións locais teñen dereito, no marco da política economía nacional, a ter recursos propios e suficientes dos cales poden dispor libremente no exercicio das súas competencias.*
*2. Os recursos financeiros das Corporacións locais deben ser proporcionais ás competencias previstas*

*pola constitución ou pola lei.*
*3. Unha parte, polo menos, dos recursos financeiros das Corporacións locais debe provir de ingresos e impostos locais, cuxo tipo corresponde fixar a aquelas, dentro dos límites da lei.*
*4. Os sistemas financeiros sobre os cales descansan os recursos de que dispoñen as Corporacións locais deben ser dunha natureza o suficientemente diversificada e evolutiva que lles permita seguir na medida do posible e na practica a evolución real dos custos do exercicio das súas competencias.*
*5. A protección das Corporacións locais financeiramente máis débiles reclama a adopción de procedementos de compensación financeira ou das medidas equivalentes destinadas a corrixir os efectos da desigual repartición das fontes potenciais de financiamento, así como das cargas que lles incumbe. Tales procedementos ou medidas non deben reducir as liberdades de opción das Corporacións locais, no seu propio ámbito de responsabilidade.*
*6. As Corporacións locais deben ser consultadas, segundo formas apropiadas, sobre as modalidades de adxudicación a estas dos recursos redistribuídos.*
*7. Na medida do posible, as subvencións acordadas ás Corporacións locais non deben ser destinadas ao financiamento de proxectos específicos. A concesión de subvencións non deberá causar prexuízo á liberdade fundamental da política das Corporacións locais, no seu propio ámbito de competencia.*
*8. Co fin de financiar os seus gastos de investimento, as Corporacións locais deben ter acceso, de conformidade coa lei, ao mercado nacional de capitais".*

7.1.6.Tamén, é necesario lembrar do apartado III do informe da Intervención Provincial do 28/3/2012, a proposta da Presidencia e o Acordo adoptado polo Pleno da Corporación na sesión ordinaria do 10 de abril do ano 2012, nos que, entre outras cuestións expúñase a "tramitación dun Plan estratéxico provincial para ou período 2012-2015 que permita orientar as actividades e servizos provinciais que se han de prestar aos concellos, ás organización públicas ou privadas do ámbito provincial e á cidadanía da provincia, de acordo coas circunstancias e necesidades actuais, tomando en consideración as oportunidades que permitan o marco estratéxico de converxencia económica da Unión Europea". Esta reflexión sobre as actividades e servizos provinciais faise máis necesaria, se cabe, tras a entrada en vigor das distintas normas estatais e autonómicas que se refiren ás competencias dos entes locais.

**7.2.-** En relación coa información referida ás achegas realizadas ás entidades de dereito privado sen ánimo de lucro, proceden as consideracións finais que se expoñen a continuación:

7.2.1.Resulta necesario e urxente elaborar, tramitar e aprobar un Plan estratéxico que garanta a adecuada coordinación con outras administracións públicas e asegure a eficacia, legalidade e sustentabilidade dos actos de aprobación e tramitación das subvencións provinciais. A Xurisprudencia do Tribunal Supremo atribuíu un carácter esencial ao Plan estratéxico de subvencións para a válida tramitación destas.

7.2.2.Ante a concorrencia de subvencións outorgadas para as mesmas finalidades por distintas administracións públicas resulta imprescindible a necesaria coordinación entre elas, para dar, así, cumprimento aos obxectivos propostos no Protocolo subscrito coa Xunta de Galicia para as Deputacións provinciais e evitar os efectos da concorrencia efectiva de distintas subvencións públicas á mesma entidade para a igual finalidade.

7.2.3.A forma normal de outorgamento das subvencións públicas prevista no ordenamento xurídico é a de concorrencia competitiva, conforme os principios de publicidade, concorrencia, igualdade, non discriminación, eficacia e sustentabilidade. Só por razóns moi excepcionais de interese público, motivadas e acreditadas documentalmente cos requisitos e condicións establecidos nas normas de xeral aplicación e nas Bases de Execución do Orzamento Provincial, pode excepcionarse a xeral aplicación dos principios citados.

7.2.4.A non acreditación das razóns excepcionais que xustifican a atribución nominativa da subvención, do seu importe ou do seu coeficiente de financiamento, supón non atender ao establecido nos artigos 9 e 103 da Constitución Española, no artigo 54 da Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e de procedemento administrativo común e nas normas estatais e autonómicas reguladoras das subvencións públicas, e por tanto, pode constituír un dos supostos recolleitos no artigo 216.2.c) do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo. Pola transcendencia xurídica do exposto debe insistirse na necesidade de incorporar a motivación correspondente e a acreditación das razóns singulares e excepcionais de interese público que concorren nas Entidades e nas actividades ou investimentos subvencionados para a non aplicación dos principios xerais de publicidade, concorrencia, igualdade e non discriminación, para cuantificar o importe total da subvención outorgada e para determinar o coeficiente de financiamento, en todo caso, e especialmente, cando supoña o 80% do orzamento subvencionado e, aínda máis, cando ascenda ao 100% do

orzamento do investimento ou da actividade obxecto de subvención.

Neste apartado resulta particularmente significativo o carácter recorrente dalgunhas subvencións nominativas outorgadas anualmente a determinadas entidades, tal e como se recolle no Anexo 8 do presente informe.

7.2.5. A coincidencia do obxecto e finalidade dalgunhas subvencións outorgadas en réxime de concorrencia con outras outorgadas nominativamente require dunha análise singular orientada a evitar as desigualdades que esta circunstancia pode xerar e a incluír a totalidade das subvencións tramitadas no procedemento de concorrencia competitiva coas previsións e consideracións que procedan nas Bases de convocatoria para asegurar os principios de publicidade, concorrencia, igualdade, non discriminación, eficacia e sustentabilidade, sen prexuízo de tomar en consideración de forma obxectiva e adecuadamente ponderada as particularidades relevantes xuridicamente dos posibles beneficiarios.

7.2.6. As bases das convocatorias tramitadas no exercicio 2018 conteñen a adecuación da composición da Comisión de Valoración nelas contempladas ás indicacións contidas nos informes da Secretaría e Intervención Provincial en exercicios anteriores.

Nalgunhas convocatorias a definición xenérica do obxecto e a ampla referencia aos conceptos susceptibles de integrar o orzamento subvencionado deron lugar a disfuncións apreciables na aplicación dos criterios de cuantificación da subvención outorgada, na xustificación das actividades ou investimentos e na súa adecuada comprobación. Razóns de economía, celeridade e eficacia aconsellan delimitar con máis precisión o obxecto,. os conceptos que integran o orzamento subvencionable e os criterios obxectivos de avaliación.

7.2.7. Polo que respecta as subvencións concedidas a concellos para a contratación de persoal municipal, se reiteran os comentarios relevante xa expostos no presente informe, é dicir que :

- Os concellos deben contar co persoal que require a prestación ordinaria dos servizos da súa competencia, adecuadamente identificado e a través da preceptiva relación de postos de traballo.
- A contratación de persoal laboral temporal ou funcionario interino está sometida ás condicións e límites recolleitos na normativa de xeral aplicación ás entidades locais, que non deberán inaplicarse pola acción de fomento doutras Administracións Públicas.
- Na maior parte dos casos estanse a encadear contratos laborais de duración determinada que non responden a necesidades coxunturais.
- As subvencións finalistas outorgadas poden contribuír a manter a situación de posible incumprimento das normas laborais de xeral aplicación.
- Polas razóns expostas, parece necesario destinar os recursos provincias á consolidación ou estabilización dos postos de traballo dos concellos que respondan a necesidades estruturais destes, de acordo cos servizos e competencias municipais que xestionan.

7.2.8. Así mesmo, en relación aos bolseiros, se reitera tamén o xa exposto nos seguintes termos:

- As bolsas deben estar amparadas en Convenios formalizados coas autoridades educativas competentes.
- Deben referirse a programas formativos detallados expresamente polas Universidades.
- Deben contar cun titor designado pola Universidade e outro pola Deputación con criterios de idoneidade técnica.
- Deben ser obxecto de avaliación periódica pola titorías designadas.

7.2.9. .Os convenios-tipo aprobados para a tramitación de subvencións nominativas require dunha redacción que permita incorporar o Control de Calidade das obras ou investimentos financiados, a tramitación dos contratos externos conforme os criterios da normativa de contratos do sector público, a

participación dos técnicos provinciais nas comisións avaliadoras das ofertas nos procesos de contratación nas recepcións de obras ou investimentos e outras medidas orientadas a garantir a legalidade e eficacia na acción desenvolvida polas entidades beneficiarias.

O exposto recolle, en síntese, a opinión dos informantes que pon de manifesto á Presidencia da Corporación provincial para os efectos que considere oportunos.

A Coruña, 14 de febreiro de 2019

A Xefa do Servizo de Fiscalización

Mª Dolores Velo Fuentes

O Interventor Xeral

José Manuel Pardellas Rivera

**ANEXOS.-**

Anexo 1: **Concellos**. Información sobre os plans provinciais tramitados no período 01/01/2018 a 31/12/2018.

Anexo 2: **Concellos**. Subvencións a concellos, en réxime de concorrencia competitiva concedidas no período 01/01/2018 a 31/12/2018.

Anexo 3: **Concellos**. Subvencións nominativas, concedidas a concellos no período 01/01/2018 a 31/12/2018.

Anexo 4: **Concellos**. Achegas provinciais a concellos para a actividade "Rede Cultural" 01/01/2018 a 31/12/2018.

Anexo 5: Relación de convocatorias de concorrencia. Ano 2018

Anexo 6 **Outras Entidades de dereito público** Subvencións a outras entidades locais de dereito público, en réxime de concorrencia competitiva, período 01/01/2018 a 31/12/2018.

Anexo 7: **Outras Entidades de dereito público** Subvencións nominativas a outras entidades locais de dereito público, período 01/01/2018 a 31/12/2018.

Anexo 8: **Entidades persoas físicas ou xurídicas privadas**. Subvencións outorgadas en réxime de concorrencia competitiva a entidades, persoas físicas e xurídicas, privadas, período 01/01/2018 a 31/12/2018

Anexo 9: **Entidades persoas físicas ou xurídicas privadas** Subvencións nominativas outorgadas a favor de entidades persoas físicas e xurídicas, privadas, período 01/01/2018 a 31/12/2018, agrupado por CIF.

Anexo 10: **Entidades persoas físicas ou xurídicas privadas** Achegas provinciais a entidades privadas para a actividade "Rede Cultural Entidades", período 01/01/2018 a 31/12/2018.

Anexo 11: **Asignacións grupos políticos** 2016, 2017 y 2018

Anexo 12: **Outras accións de fomento**. **Bolseiros** Listado de Bolseiros. Exercicio 2018

Anexo 13: **Outras accións de fomento. Bolseiros** Bolsas concedidas. Exercicio 2018

Anexo 14: **Outras accións de fomento. Bolseiros** Premios Deputación. Exercicio 2018

Anexo 15: **Concellos**.Resumen Acción Fomento da Deputación da Coruña. Exercicio 2018

Anexo 16: Protocolo xeral entre a Xunta de Galicia e as Deputacións provinciais galegas para unha mellor cooperación territorial.

Validación de documentos:
https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código:
1213e6ea3c5e4b1bc48d162fe2e5c785819e1c06

Deputación DA CORUÑA

**ASUNTO: INFORME DA PRESIDENCIA NO QUE SE XUSTIFICAN AS RESOLUCIÓNS E ACORDOS ADOPTADOS PARA RESOLVER AS DISCREPANCIAS PRANTEXADAS POLA INTERVENCIÓN EN DETERMINADOS EXPEDIENTES TRAMITADOS AO LONGO DO EXERCICIO 2018 E PROPOSTA DE ACORDO AO RESPECTO.**

Visto o informe-resumo de observacións e reparos emitidos polo órgano interventor respecto a determinados expedientes de xestión de gastos tramitados ao longo do exercicio 2018, de conformidade co previsto no artigo 218.1 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais (segundo redacción dada polo artigo 2 da Lei 27/2013, de Reforma e Sostibilidade da Administración Local), por parte desta Presidencia cómpre realizar as seguintes

**CONSIDERACIÓNS:**

Ao longo do ano 2018 o órgano interventor veu emitindo informes de fiscalización a todos os expedientes de gasto, así como realizando o exercicio do control financeiro sobre os ingresos e sobre as subvencións pagadas no exercicio 2014. No exercicio deste labor, realizado con plena autonomía e independencia funcional, a meirande parte dos informes emitidos teñen sido de carácter favorable, o que vén a indicar o alto grao de compromiso que este equipo de goberno ten co respecto á legalidade vixente, así como cos principios de economía, eficicacia e eficiencia na xestión e aplicación dos fondos públicos.

Sendo a regla xeral o informe favorable de fiscalización ás propostas de contratación, aprobación de plans de obras e servizos, concesión de subvencións , xestión de gastos de persoal xestión e recadación de ingresos, no informe-resumo que se emite só se fai referencia aos informes de reparo emitidos, que como se indica no mesmo, só afectaron a unha pequena porcentaxe dos gastos comprometidos. Asemade, pode observarse que ditos informes de reparo teñen sido emitidos polos mesmos motivos que xa o fixera, polo menos, nos dous exercicios precedentes, engadindo só como novidade significativa o reparo á aprobación e pagamento da nómina do mes de febreiro e un reparo pola posible contratación co mesmo contratista de contratos menores que superan o umbral da contratación menor establecida na Lei 9/2017. En todo o demais, os reparos do órgano interventor son xa ben coñecidos: rexeitamento ao outorgamento de subvencións nominativas en todo caso e advertencia de que algunha factura é tramitatada fóra do período de vixencia do contrato.

Dado que o asunto das subvencións nominativas xa está abondamente xustificado por esta Presidencia, - órgano que se limita a incorporar na orde do día os expedientes que están ditaminados favorablemente pola comisión informativa correspondente, logo de que polos representantes corporativos se teña apreciado a excepcionalidade ou singularidade da actividade ou proxecto subvencionado-, cómpre centrar a primeira das consideracións na especial novidade do ano 2018, que foi o reparo que paralizou a tramitación da nómina ordinaria do mes de febreiro, tal como se comenta no apartado seguinte.

Efectivamente, malia que unha nómina do mes de febreiro non había ningunha novidade con respecto a dos meses anteriores, o órgano interventor decidíu emitir o seu informe de fiscalización incorporando un reparo suspensivo, polo mero feito de que na mesma estaban incluidas as percepcións ás que

legalmente teñen dereito as persoas que compoñen o grupo de persoal eventual, que día a día veñen desenvolvendo o seu traballo de asesoramento ao equipo de goberno e aos grupos políticos, coa adicación e leal desempeño que procede en cada caso, tal como acreditan os informes que se emiten por cada un dos responsables de ditos grupos que conforman o Pleno da Corporación. Sen que se requirise nova documentación, o informe de reparo toma como antecedentes as actuacións realizadas no ano anterior co respecto á liquidación da produtividade do persoal eventual, reiterando as mesmas consideracións críticas.

Partindo como premisa da causa do reparo indicada, cómpre lembrar xa en primeiro lugar, que o persoal eventual vén realizando as funcións, cometidos e tarefas que lle ordean os membros corporativos aos que están asignados, sen que lle incumba ao persoal do órgano interventor coñecer o contido e circunstancias daquelas funcións nin o lugar onde se realizan, xa que ao tratarse dun labor de confianza de marcado carácter político e , xa que logo, allea á actividade administrativa, debe quedar fóra de calquera control de legalidade e moito menos de oportunidade ou conveniencia, apreciacións que ben se poden albiscar no informe do órgano interventor.

A emisión do reparo sen devolución do expediente para a incorporación de documentación complementaria, -apartándose sen maior causa do informe de fiscalización con observacións que viña realizando o órgano interventor ata a data-, puxo en risco o cobro puntual dos seus haberes por parte do todo o persoal da Corporación, xerando inquedanza e profundo desgusto no conxunto da organización. Perante tal situación, esta Presidencia tivo que actuar coa máxima celeridade e, co fin de non causarlle maior trastorno ao persoal e aos membros corporativos, solicitou de inmediato o parecer do Letrado-xefe e asesor xurídico da Corporación, quen confirmou a plena legalidade da

Validación de documentos:
https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código:
1213e6ea3c5e4b1bc48d162fe2e5c785819e1c06

Deputación DA CORUÑA

actuación ratificando o informe tamén favorable do Servizo de Planificación e xestión de recursos humanos. De conformidade con ditos informes, a Presidencia resolveu a discrepancia de forma motivada, ditando a preceptiva resolución que ordeaba o pagamento da nómina, só pena de incorrer nunha demora inxustificábel, que podería causar claros prexuizos económicos a un abondoso número de persoas. Malia a todo, para cerciorase plenamente da legalidade da actuación e coa finalidade de que a actuación suspensiva non se volvese a repetir, solicitou un informe máis amplo á Asesoría xurídica, no que se analizasen os cometidos e forma de desempeño do persoal eventual.

Un tempo despois a Asesoría xurídica emitiu o informe solicitado e como ben se colixe da  rigorosa argumentación realizada polo Letrado-xefe –achégase copia ao presente expediente- quedan clarexadas  polo miúdo as características singulares do persoal eventual e conclúese lacónicamente que os mesmos non están sometidos a control administrativo ningún, desenvolvendo as súas funcións de carácter estritamente político no lugar, circunstancias  e tempo que máis conveñan en cada caso ao grupo político ao que están adscritos. Polo tanto,  queda fóra de calquera dúbida  que as observacións críticas emitidas polo órgano interventor no seu informe de reparo, carecen de fundamento xurídico e para nada empecen  a correcta xestión da nómina e , en xeral, dos asuntos de persoal que vén realizando o Servizo de Planificación e xestión de recursos humanos, polo que a esta Presidencia non lle corresponde máis que validar as súas propostas coa resolución correspondente.

Deputación DA CORUÑA

Polo demais, sen deixar de tomar en consideracións as recomendacións realizadas polo órgano interventor e procurando non reiterar innecesariamente o xa explicado no informe que se presentou perante o Pleno na sesión ordinaria que tivo lugar en marzo de 2018, só cómpre salientar estas dúas reflexións:

1. No tocante á contratación e ás facturas que se derivan da mesma, a xestión deste equipo de goberno está sendo extremadamente respectuosa coa lexislación de contratos do sector público, tramitando todos os expedientes con publicidade a través do perfil do contratante e a meirande parte dos mesmos seguindo o procedemento aberto de carácter ordinario, mesmo cando nalgúns casos podería acudir a figura do contrato menor. E se algunha factura se tramita fóra da vixencia do contrato, a demora é excesiva carga de traballo ou a falla de celeridade na tramitación por parte das unidades xestoras, pero en ningún caso por indicacións dos responsables políticos da contratación.

2. Polo que respecta á coñecida crítica da Intervención ás subvencións nominativas, de novo se lembra que a súa tramitación e concesión está prevista tanto na Lei xeral de Subvencións como na Lei de Subvencións de Galicia e que este equipo de goberno sempre procura o consenso de todos os grupos políticos da Corporación para o seu outorgamento, de xeito que os correspondentes acordos veñen a plasmar unha decisión que, ademáis de ser democrática, reflicte o sentir da cidadanía manifestado pola súa representación política plural.

Deputación DA CORUÑA

En síntese, sen prexuizo da mellora que pode supor tomar en consideración algunha das propostas realizadas polo órgano interventor, esta Presidencia manifesta que non só no derradeiro exercicio 2018, senón que ao longo de todo o mandato corporativo, a xestión realizada foi sempre respectuosa coa estrita legalidade e acordó aos intereses xerais, procurando en todo caso a maior xustiza e eficiencia na aplicación dos fondos públicos.

En virtude de todo o exposto, proponse ao Pleno da Corporación, previo ditame da Comisión informativa de Economía, facenda e especial de contas, que adopte o seguinte acordo:

**PRIMEIRO.** Tomar coñecemento do expediente que contén a relación dos informes de reparo emitidos polo órgano interventor nos que concorren as circunstancias expresadas nos artigos 215 a 218 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais e do informe xustificativo da Presidencia da Corporación.

**SEGUNDO.** Elevar dito expediente ao Pleno da Corporación, para a súa toma de coñecemento e remisión inmediata de todos os reparos formulados aos órganos de control externo, Tribunal de Cuentas e Consello de Contas de Galicia.

**A Coruña, 18 de febreiro de 2019.**

**O Presidente,**

**Valentín González Formoso.**